

ACTA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA 14/1/2024

Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, celebrada en Vigo o catorce de decembro de 2024, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D. Rogelio Diego Senra	Club Atl. Novás
2. D. Miguel Rodríguez Suárez	Bm. Brigantium
3. D ^a . M ^a Consuelo Prelchi Gallego	Club Bm. Seis do Nadal
4. D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
5. D. José Francisco Armesto Pina	Club Bm. Reconquista de Vigo
6. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
7. D. Iago Garrido Villar	Club Poio Artai
8. D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
9. D. Ezequiel Álvarez Castro	Club Bm. Ribadosar
10. D ^a Martín Acuña Vaqueiro	Club Bm. Caselas
11. D ^a María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
12. D ^a Aurelio Krook Moldes	Club Sociedad Atlético de Redondela
13. D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
14. D ^a María González Lago	Club Bm. Chapela
15. D. Vicente Rúa Santos	Club AD. Carballal
16. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
17. D. Víctor Manuel Rivera Diz	Árbitro
18. D. David Iglesias Freire	Xogador
19. D. Pablo M. Barreiro Suárez	Árbitro

O presidente, Bruno López, seguindo coa orde do día, da a benvida a todas as persoas asembleístas e explica que o motivo principal da celebración da asemblea non é outro que a aprobación do presuposto do ano 2025 dentro dos prazos marcados pola normativa vixente.

O presidente insistiu na importancia de acudir á asemblea, e destaca as ausencias de varios clubs por mor da competición, pero insiste en que se deben buscar alternativas para que alguén poida acudir en representación das diferentes entidades a este foro.

O presidente aproveita e realiza un breve resumo da situación actual da federación, a nivel estrutural e económico, ademais insiste nos principais obxectivos para o ano 2025, que pasan por seguir insistindo na profesionalización das estruturas dos clubs e da propia federación, en visibilizar o traballo que se está a facer a través de iniciativas coma o Balonmán na Rúa, e na captación de máis recursos económicos que permitan realizar novas actividades de promoción e difusión do noso deporte.

Deste xeito, da comezo co segundo punto da orde do día:

- Aprobación, se procede do presuposto para o ano 2025.

O presidente indica que os assembleístas dispoñen dende fai uns días do presuposto e que están dispostos a responder a calquera cuestión que xurda; ante a ausencia de preguntas, procédese á votación.

A proposta queda aprobada por 0 votos en contra, 19 votos a favor e 0 abstencións.

ROGOS E PREGUNTAS:

- **BONIFICACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL DEPORTIVO PARA A FORMACIÓN DE MENORES:** Bruno López comenta que hai uns días se aprobou no Congreso dos Diputados un decreto dirixido á bonificación dos custes derivados da seguridade social na contratación de persoal deportivo que traballe con menores de idade; o representante do Bm. Brigantium indica en que coñece por enriba a proposta que o ideal sería que compartamos a información unha vez esté todo máis claro.

Antes a ausencia de máis rogos ou preguntas, Bruno López insiste en realizar o brindis de nadal con todos/as os/as asistentes ao remate da asemblea.


Asdo:

O Presidente:

A Secretaria Xeral:



Don Bruno López Molina



Dona Carla Abad Alonso

En Vigo a 14 de novembro de 2024